

**COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN
VALORACIÓN, XESTIÓN E PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL
SESIÓN ORDINARIA DO 11 DE XULLO DE 2016**

A C T A

Ás 13:00 horas do día indicado, reúnen-se na sala común de e-meeting do mestrado os membros reseñados a continuación:

Asistentes (5):

Beatriz P. Comendador Rey, Natalia Caparrini Marín, Cristina Montojo Santos, Mercedes Solla Carracelas e M^a Beatriz Vaquero Díaz.

Excusan a súa asistencia (2):

Álvaro Arizaga Castro, Belén Riveiro Rodríguez,

Asiste con voz pero sen voto (1):

Susana Reboreda Morillo

ORDE DO DÍA:



1.- Informe da coordinadora.

A coordinadora informa de que se elimina o punto 6 da orde do día porque non foi posible acabar a revisión das guías docentes a tempo. Aprázase a súa aprobación á última comisión do mes de xullo, na que, se é posible, se incorporará tamén a aprobación das modificacións da normativa de TFM.

Tal e como se acordou na última CAM a coordinadora fixo ante a vicerreitoría unha reclamación sobre o pago da docencia ao profesor Borja Conde. A resposta foi que non era posible pagarlle a docencia impartida posto que ao obter unha praza de profesor asociado a súa docencia desgravará en POD o próximo curso. A consecuencia deste cambio o mestrado perde o diñeiro destinado ao pago posto que non é posible transferilo a outra partida.

2.- Aprobación, se procede, das actas das reunións do 02/06/2016 e 16/06/2016.

Apróbanse por asentemento as actas das reunións do 02/06/2016 e 16/06/2016.



3.- Aprobación, se procede, da lista provisional de estudantes admitidos/excluídos no mestrado no curso 2016/2017.

Recibíronse vintecinco solicitudes, catro de estudantes extracomunitarios. E dous deles, Mildred Fernández Palomino e Jorge Antenor Calero Flores, peruanos, obtiveron unha bolsa Ourense Exterior.

Aproba tamén por asentemento a lista provisional de estudantes admitidos e excluídos no mestrado no curso 2016/2017 (ANEXO 1).

A coordinadora solicita á CAM que delegue nela a aprobación da lista definitiva de estudantes admitidos e excluídos no mestrado no curso 2016/2017 da primeira convocatoria de matrícula e a CAM aproba por asentemento a delegación solicitada.

4.- Aprobación, se procede, dos TFMs da convocatoria de xullo do curso 2015/2016.

As solicitudes de defensa de TFMs e a súa asignación aos tribunais da convocatoria de xullo do curso 2016/2016 foron aprobadas coas seguintes salvedades e condicións:

- A falta de sinatura dos co-titores en varios casos non se considera indispensable para a defensa dos TFMs.
- Nos dous casos en que falta a sinatura do director (Fernando Carrera) aprobouse a defensa dos traballos coa condición de que o director asine as solicitudes antes do acto de defensa.
- A aprobación da solicitude de defensa e asignación aos tribunais de TFMs queda condicionada á disponibilidad do alumnado para realizar a defensa no día e hora asignados.

Apróbanse, por asentemento, as modificacións de títulos solicitadas.

Apróbanse tamén por asentemento as solicitudes de defensa e a asignación de tribunais de TFM (ANEXO 2).

5.- Aprobación, se procede, dos horarios do mestrado do curso 2016/2017.


Apróbanse por asentemento os horarios do mestrado do curso 2016/2017 (ANEXO 3).

6.- Aprobación, se procede, das guías docentes do mestrado do curso 2016/2017.


Acórdase por asentemento elimínase este punto da orde do día.

7.- Rolda de intervencións.

A profesora Cristina Montojo comunica que unha vez acabada a defensa dos TFMs e entregadas as actas do curso 2015/2016, tanto ela como o profesor Álvaro Arizaga dimitirán



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACION,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

da Comisión Académica posto que non impartirán docencia no máster no próximo curso 2016/2017.

Ourense, a 11 de xullo de 2016

A Coordinadora

Asdo. Beatriz Comendador Rey

A Secretaria

Asdo. Mª Beatriz Vaquero Díaz

DILIXENCIA

Para facer constar que esta Acta foi lida e aprobada na Comisión Académica do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural do día 19/07/2016.

A Secretaria,

Mª Beatriz Vaquero Díaz

ANEXO 1: Lista provisional admitidos/excluídos 2016/2017




2016-17 lista
provisional admitidos


ANEXO 2: Tribunais e TFMs xullo 2016



Tribunais
aprobados TFM 15-1



HTCO₃



MÁSTER EN VALORACION,
GESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL

ANEXO 3: Horarios 2016/2017



MHTCO3_Horarios_
2016_2017.pdf